

DOÑA CONCEPCIÓN OTERO PIÑEIRO, SECRETARIO DE LA XUNTA DE EXPURGACIÓN, DE LA DOCUMENTACIÓN JUDICIAL DE GALICIA, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 19.2 del Real Decreto 937/2003, de 18 julio, de modernización de los archivos judiciales.

CERTIFICO.

Que en la sesión del pasado día 17 de diciembre de 2010, la Xunta de Expurgación de la documentación judicial de Galicia, adoptó, entre otros proceder a la eliminación de los siguientes expedientes elevados a la citada Xunta.

INFORME	
Asunto	Informe da proposta de eliminación de fraccións de series documentais de expedientes xudiciais para a súa remisión á Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.
Autor	Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral de Cultura
Destinatario	Presidente do Consello de Avaliación Documental de Galicia.
Data	15 de outubro de 2021

O presidente da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial remitiu á Secretaría Xeral de Cultura, o 10.09.2021, a convocatoria da súa próxima reunión coa proposta de selección de fraccións de series documentais que contan con táboas aprobadas.

O Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, que regula os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, establece no seu artigo 11 que as propostas de valoración e selección de series documentais incluídas nas convocatorias de sesións de dito órgano remitiranse ao órgano competente en materia de patrimonio documental con tempo suficiente para elaborar o informe técnico de carácter preceptivo. As propostas de valoración e selección deben aterse á normativa e criterios técnicos aprobados polo órgano competente en materia de conservación do patrimonio documental.

A Lei 7/2014, do 26 de setembro, crea no seu artigo 34 o Consello de Avaliación Documental de Galicia como órgano colexiado consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame sobre as

cueestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos e polas empresas e entidades deles dependentes, así como a súa integración nos arquivos e ao réxime de acceso e inutilidade administrativas de tales documentos no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia.

O Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, que regula o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos públicos, establece como preceptiva a súa consulta como órgano adscrito á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental.

Fundamentos legais:

- Real Decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización de arquivos xudiciais (BOE 181, do 30 de xullo)
- Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia (DOG 49, do 11 de marzo)
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (DOG 191, do 7 de outubro).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG 92, do 16 de maio).
- Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos (DOG 34, do 19 de febreiro).
- Resolución do 18 de abril de 2017, da Secretaría Xeral de cultura, pola que se aproban e se fan públicos os criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e acceso aos documentos, así como o formulario normalizado para a elaboración dos estudos de identificación e avaliación de series documentais propostos polo Consello de Avaliación Documental de Galicia na sesión do 15 de marzo de 2017 (DOG 90, DO 11 de maio).
- Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG 242, do 1 de decembro).

INFORME

Os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Cultura, como órgano que ten atribuídas as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de arquivos e patrimonio documental, emiten informe referido as seguintes fraccións de series documentais:

0001 Expedientes de xuízos de faltas

- 0002 Expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas
- 0003 Expedientes de recursos de apelación contra autos penais ante a Audiencia Provincial
- 0004 Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas penais ante a Audiencia Provincial
- 0005 Expedientes de recursos de apelación contra autos civís ante a Audiencia Provincial
- 0006 Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas civís ante a Audiencia Provincial
- 0008 Expedientes de recursos de suplicación
- 0016 Expedientes de dilixencias previas

O criterio adoptado pola Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, en concordancia con outras comisións calificadoras do Estado e autonómicas, foi a conservación da documentación anterior a 1946, considerada representativa por ser posterior a os fitos históricos da Guerra Civil Española e a II Guerra Mundial. Por outra parte, tívose en conta que entre os anos 1938 e 1946 destruíuse de xeito indiscriminado moita documentación, en especial dos xulgados de primeira instancia e instrución e de audiencias territoriais, pola necesidade de conseguir papel para imprimir a colección lexislativa. Así mesmo, para reforzar este criterio na Administración de Xustiza adúcese as datas de 1944 na que se promulga a Lei de Bases da Xustiza Municipal, que é o primeiro cambio a nivel de órganos xudiciais dende 1870, e a de 1945 na que se dita a Orde de 24 de marzo que aproba a demarcación dos xulgados municipais, comarcais e de paz.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0001	EXPEDIENTES DE XUÍZOS DE FALTAS	1986 / 2015	Serie pechada

Os expedientes de xuízos de faltas son os tramitados para xulgar as infraccións penais leves castigadas como faltas. Das faltas nace unha acción penal pero pode producir unha acción civil para a restitución da cousa, reparación ou indemnización do dano causado.

O ditaminado pola Xunta de Expurgación Xudicial comprende o período de 1986 a 2015. Segundo o estudo da serie a partir de 1985 as sentenzas consérvanse no libro de sentenzas e no expediente tan só hai a copia.

O ditame da Xunta de Expurgación Xudicial establece a conservación íntegra e permanente dos expedientes anteriores a 1946. Dos posteriores a 1946 e anteriores a 1985 que conteñan a sentenza orixinal retirárase esta para a súa conservación permanente. Dos documentos a eliminar realizarase unha mostraxe, consistente na conservación dos expedientes incoados nos anos rematados en 5. Naqueles partidos xudiciais nos que houbera máis dun xulgado que tramitase este procedemento, a mostraxe aplicarase de xeito rotativo aos expedientes dos distintos órganos xudiciais. É dicir, de cada xulgado do mesmo partido xudicial conservaranse os expedientes dun ano distinto, por exemplo, nun partido xudicial no que existan 2 xulgados de instrución, conservaranse do xulgado número 1 o ano 1995 e do xulgado número 2 o ano 2005.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación das fraccións de serie, realizando a mostraxe segundo o ditaminado para os anos rematados en 5 e de xeito rotativo nos partidos que teñen máis dun xulgado.

<i>Órgano</i>	<i>Datas extremas</i>	<i>Expedientes</i>	<i>Unidades de instalación</i>
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 Cambados	1986-2013	11.296	713
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 Cambados	2003-2015	6.849	456
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 A Estrada	2000-2015	3.472	232
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Pontearreas	2004-2015	5.417	422
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 Porriño	1991-1999	1.669	111
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Redondela	1999-2015	11.270	530
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 Redondela	2002-2015	8.491	424
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 Tui	1990-2003	4.477	203
Xulgado de Instrución nº 1 Vigo	2001-2015	10.724	596

Xulgado de Instrución nº 2 Vigo	1999-2012	20.517	1.139
Xulgado de Instrución nº 3 Vigo	2008-2015	5.764	320
Xulgado de Instrución nº 4 Vigo	2001-2015	20.964	1.165
Xulgado de Instrución nº 5 Vigo	2011-2015	7.940	441
Xulgado de Instrución nº 6 Vigo	2001-2010	7.928	440
Xulgado de Instrución nº 7 Vigo	2003-2011	5.622	300
Xulgado de Instrución nº 8 Vigo	2005-2011	2.279	220
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Vilagarcía de Arousa	2004-2013	5.855	293
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 Vilagarcía de Arousa	1986-2015	16.487	951
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 Vilagarcía de Arousa	2011-2015	3.078	131

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0002	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA XUÍZOS DE FALTAS	1835 / 2015	Serie pechada

Os expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas son interpostos contra as sentenzas ditadas en infraccións tipificadas como faltas. Das faltas nace unha acción penal e pode que tamén unha acción civil para a restitución da cousa, reparación ou indemnización dos danos.

O ditame establece a conservación dos expedientes anteriores a 1946 e a eliminación total a partir desa data xa que, tras a firmeza da sentenza, o seu valor legal-xurídico non vai máis aló dun ano, ademais de que os

expedientes só conservan os documentos de transmisión e copia do testemuño da sentenza, cuxo orixinal está nos libros de sentenzas.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación total da fracción de serie documental dos expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas dos órganos xudiciais relacionados.

<i>Órganos</i>	<i>Datas extremas</i>	<i>Expedientes</i>	<i>Unidades de instalación</i>
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 Bande	1990	9	1
Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Quinta	2006-2010	1.905	83
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 Tui	1989-2001	150	10

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0003	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA AUTOS PENAIS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1968 / 2016	Serie aberta

Os expedientes reflicten o procedemento para resolver as reclamacións ante á Audiencia Provincial contra os autos ditados polos xulgados de instrución do penal, de vixilancia penitenciaria e os de violencia sobre a muller.

A serie documental estudada e valorada abrangue o período de 1968 a 2016 e foi ditaminada de eliminación total aos 15 anos a contar dende a data de resolución de arquivo definitivo. Os autos están recompilados nos libros rexistro de recursos e nos libros de autos de apelación.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de recursos de apelación contra autos penais ante as audiencias provinciais.

<i>Órgano</i>	<i>Datas extremas</i>	<i>Expedientes</i>	<i>Unidades de instalación</i>
Audiencia Provincial Ourense. Sección Primeira	2000/2004	524 ¹	46
Audiencia Provincial Ourense. Sección Segunda	2001/2004	904 ²	62

¹ No volume de expedientes e U.I. están incluídos tanto as apelacións de autos como de sentenzas

² No volume de expedientes e U.I. están incluídos tanto as apelacións de autos como de sentenzas

Audiencia Provincial Pontevedra. Sección Quinta 2002/2005 416 43

CÓDIGO	SERIE	Datos extremas de serie estudiada	
0004	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA SENTENZAS PENAIS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1892 / 2016	Serie aberta

Os expedientes reflicten o trámite dos recursos de apelación contra sentenzas penais que son o medio ordinario de impugnar unha resolución ditada en primeira instancia.

No estudo actualizado da serie, que abrangue de 1892 a 2016, propónse a eliminación total, agás os expedientes anteriores a 1946 que se conservarán na súa integridade. As resolucións dos recursos están recompiladas nos libros rexistros de recursos de apelación contra sentenzas e nos libros de sentenzas.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie documental de expedientes de recursos de apelación contra sentenzas penais relacionados.

Órgano	Datos extremas	Expedientes	Unidades de instalación
Audiencia Provincial Ourense. Sección Primeira	200/2004	524	46
Audiencia Provincial Ourense. Sección Segunda	2001/2004	904 ³	62
Audiencia Provincial Pontevedra. Sección Quint	2002/2005	428	23

CÓDIGO	SERIE	Datos extremas de serie estudiada	
0005	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA AUTOS CIVÍS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1968 / 2015	Serie aberta

³ No volume de expedientes e u.i. están incluídos tanto as apelacións de autos como de sentenzas

Os expedientes de recursos de apelación contra autos civís reflicten a tramitación das reclamacións presentadas ante a Audiencia provincial contra autos ditados por instancias inferiores e, a partir de 2005, engádense as dos xulgados de violencia sobre a muller.

A serie documental estudada e valorada abrangue o período de 1968 a 2015 e foi ditaminada de eliminación total, xa que o valor legal-xurídico tras a firmeza do auto non vai máis alá dun ano e hai series documentais compiladoras, os libros rexistros de recursos de apelación civil e os libros de autos de apelación.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie de expedientes de recursos de apelación contra autos civís propostos.

<i>Órgano</i>	<i>Datas extremas</i>	<i>Expedientes</i>	<i>Unidades de instalación</i>
Audiencia Provincial Ourense. Sección Primeiraira	1994-1995	940 ⁴	38

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0006	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA SENTENZAS CIVÍS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1968 / 2016	Serie aberta

Os expedientes reflicten o procedemento das apelacións contra as sentenzas civís ditadas en primeira instancia e, a partir de 2005, inclúense as dos xulgados de violencia contra a muller.

A serie foi ditaminada para o período 1968 a 2016 aprobando a súa eliminación total, xa que os expedientes que conservan as audiencias provinciais conteñen documentos de transmisión e a testemuña da sentenza. As sentenzas están recollidas no libro de sentenzas.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación total das seguintes fraccións de serie dos expedientes de recursos de apelación contra sentenzas civís ante as Audiencias Provinciais propostas.

<i>Órganos</i>	<i>Datas extremas</i>	<i>Expedientes</i>	<i>Unidades de instalación</i>
Audiencia Provincial de Ourense. Sección Primeiraira	1994-1995	940	38

⁴ 4 No volume de expedientes e u.i. están incluídos tanto as apelacións contra autos como contra sentenzas

Audiencia Provincial de Pontevedra. Sección Quinta 1999-20074 3.692 170

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0008	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE SUPPLICACIÓN	1989 / 2015	Serie aberta

A serie corresponde aos expedientes relativos aos recursos extraordinarios, devolutivos e suspensivos que se interpoñen ante a sala do social do Tribunal Superior de Xustiza contra determinadas resolucións ditadas polos xulgados do social da súa circunscrición.

A serie documental foi ditaminada de eliminación total, con conservación de exemplar, en consideración a que trala firmeza da sentenza a súa vixencia non é superior a un ano e que o orixinal da sentenza ou auto consérvase no libro de sentenzas.

Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de recursos de suplicación do Tribunal Superior de Xustiza, Sala do Social propostos.

Órgano	Datas extremas	Expedientes	Unidades de instalación
Tribunal Superior de Xustiza. Sala do Social	1994-1997	22.382	900

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0016	EXPEDIENTES DE DILIXENCIAS PREVIAS	1872 / 2016	Serie aberta

Os expedientes de dilixencias previas son as actuacións xudiciais que buscan determinar se os feitos son constitutivos de delito, o seu autor e o órgano competente para xulgalos. En función dos datos acordarase a continuación ata a celebración do xuízo ou decretarase o arquivo ou sobresemento do asunto.

A serie documental, para as datas extremas de 1872 a 2016, está ditaminada de conservación íntegra e permanente dos expedientes anteriores a 1946 e para os posteriores a esa data de eliminación parcial e de acordo cos seguintes prazos:

- As dilixencias previas sobresidas e arquivadas nos xulgados de instrución poderán ser eliminadas na súa totalidade, aos 7 anos a contar dende a incoación do procedemento.
- As dilixencias previas con sobresemento provisional por non haber autor cofecido poderán ser eliminadas na súa totalidade nos casos con pena de reclusión menor, aos 15 anos a contar dende a incoación do procedemento.

- As dilixencias previas con sobresemento provisional por non haber autor coñecido poderán ser eliminadas na súa totalidade nos casos con pena de reclusión maior, aos 20 anos a contar dende a incoación do procedemento.

A serie está vinculada coas de carácter compilador, libros rexistros de dilixencias previas, de dilixencias preparatorias e de asuntos penais e outras series complementarias. Á vista do ditaminado,

Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de dilixencias previas sobresidas e arquivadas ou sobresidas provisionalmente dos xulgados de primeira instancia, de instrución e de distrito dos anos de 1956 a 2013, por superar os prazos previstos de 7 anos para as dilixencias sobresidas e arquivadas, de 15 anos para as sobresidas provisionalmente con penas de reclusión menor e de 20 anos para as sobresidas provisionalmente con penas de reclusión maior.

Órganos	Datas extremas	Expedientes	Unidades de instalación
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Betanzos	1987/1990	8.657	138
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Corcubión	1963/1990	9.923	204
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Lugo	1980-2000	25.104	247
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 Lugo	1985-2000	15.522	136
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 Lugo	1990-1998	9.061	102
Xulgado de Instrución nº 1 Lugo	1980-2000	22.747	190
Xulgado de Instrución nº 3 Lugo	1990-2000	9.322	102
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Único de Chantada	1992-1999	6.315	102
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Mondoñedo	1988-1994	5.587	73
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Monforte de Lemos	1968-1979, 1999	4.729	58
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Sarria	1999-2000	1.835	33
Xulgado de Instrución núm. 2 de Ourense	1983-1985	1.265	26
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Bande	1960-1999	7.393	169
Xulgado de Distrito de Bande	1981-1989	199	4
Xulgado Comarcal de Bande	1964-1974	215	3
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Ribadavia	1981-2000	8.563	176
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Verín	1968-2000	13.025	269
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Cambados	1997-2013	20.695	559
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2, Cambados	1998-2013	19.628	531
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1, Cangas do Morrazo	1956-1997	11.478	151

Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1, A Estrada	2000/2013	20.082	535
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Pontearreas	1998-2000	5.179	102
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2, Porriño	1991-1997	7.369	103
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 Redondela	1990-1999	14.778	208
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 Redondela	1999-2005	5.817	116
Xulgado de Instrución nº 1Vigo	1997-2011	98.065	675
Xulgado de Instrución núm. 2 Vigo	1998-2011	74.687	764
Xulgado de Instrución núm. 3, Vigo	1997-2005	31.601	360
Xulgado de Instrución núm. 4, Vigo	1998-2013	83.352	883
Xulgado de Instrución núm. 5, Vigo	1997-1998, 2001-2010	77.071	716
Xulgado de Distrito núm. 3, Vigo	1977-1979	5.542	10
Xulgado de Distrito núm. 4, Vigo	1976-1979	8.343	19
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2, Vigo	1977-1981	12.532	49
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 3, Vigo	1972-1973, 1980-1989	21.304	132
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Vilagarcía de Arousa	1999-2013	16.654	441
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Vilagarcía de Arousa	1997-2013	15.133	455
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3, Vilagarcía de Arousa	2000-2013	19.483	364

ADDENDA	
Asunto	Addenda ao informe da proposta de eliminación de fraccións de series documentais de expedientes xudiciais para a súa remisión á Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.
Data	18 de outubro de 2021

Addenda ao informe de data 15 de outubro de 2021 dos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Cultura relativo á proposta de eliminación das fraccións das series documentais presentada polo presidente da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial, para facer constar que no informe omitiuse por erro información que se detalla a continuación:

1. Na serie 16 Expedientes de dilixencias previas deben incluírse os seguintes xulgados de Vigo:

Partido xudicial de Vigo			
Órgano	Datas extremas	Expedientes	Unidades de instalación
Xulgado de Instrución núm. 6	1994-2000	42.694	427
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1	1970-1989	28.087	202
Xulgado Municipal núm. 1	1970-1977	7.515	18
Xulgado Municipal núm. 2	1971-1976	3.548	16
Xulgado Municipal núm. 3	1966,1970-1978	5.916	12

2. Na serie 4 Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas penais ante a Audiencia provincial as datas extremas dos expedientes da Audiencia Provincial de Ourense, Sección Primeira son: 2000/2004.

3. Na serie 6 Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas civís ante a Audiencia Provincial as datas extremas dos expedientes da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Quinta son 1999/2004

Y su publicación en el DOG de la anterior relación de expedientes, así como la publicación de una referencia de esta, en un diario de los de mayor tirada en la comunidad autónoma, con el objeto de que los interesados en las actuaciones judiciales de referencia, **dispongan del plazo de dos meses**, previsto en el artículo 16 del Real Decreto 937/2003, para recuperar aquellos documentos que presentaron en su día en el proceso correspondiente. Transcurrido dicho plazo se les tendrá por decaídos en su derecho a recuperar estos.

A Coruña a 24 de enero de 2022.

La Secretaria de la Xunta de Expurgo de Galicia.

OTERO PIÑEIRO
CONCEPCION
DNI 33825425S

Firmado digitalmente
por OTERO PIÑEIRO
CONCEPCION - DNI
33825425S
Fecha: 2022.01.24
11:11:21 +01'00'